CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Consideracións da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) ao Anteproxecto de Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.

Trámite do ditame preceptivo do Ces-Galicia

A Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas presenta unha estrutura composta por 69 artigos, distribuídos en sete títulos, cinco disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria única e tres disposicións derradeirass.

O obxecto deste proxecto normativo inclúe aspectos relacionados coas grandes áreas de intervención, isto é, as áreas de promoción da saúde, prevención das adiccións, redución da oferta, desenvolvemento e xestión do coñecemento, así como a regulación da organización institucional.

Compartindo desde a Confederación de Empresarios de Galicia o obxecto fundamental do Anteproxecto de Lei que non é outro que avanzar na desnormalización do consumo das substancias psicoactivas e das adicións sen substancia por persoas menores de idade no ámbito do Anteproxecto, estímanse as seguintes alegacións para a súa toma en consideración no trámite preceptivo do Ces-Galicia. Estas alegacións tratan de incidir na mellora do texto eliminando ou modificando aquelas cuestión que xeran máis inseguridade xurídica ou producen limitacións non baseadas ´no marco competencial e que mesmo non contan co fundamento de estudos científicos e estatísticos de afectación á poboación.

Sobre o art. 18. Formación no ámbito da hostelería e a restauración

Neste artigo establécese que será responsabilidade das persoas titulares dos establecementos de hostalería e restauración garantir a formación das súas persoas traballadoras sobre a lexislación vixente nesta materia, a prevención do consumo de substancias psicoactivas por parte das persoas menores de idade e dos colectivos de risco, a prohibición do uso das máquinas recreativas e de apostas e a actuación fronte ás persoas que presenten síntomas de embriaguez.

As administracións competentes organizarán formación para facilitar o cumprimento deste artigo.

Entendemos que segundo o descrito neste artigo e no artigo 17 (“A prevención no ámbito da hostalería e restauración”) do anteproxecto , serán as Administracións competentes as encargadas de organizar a formación para o cumprimento desta obrigación. Con todo , aínda que no articulado especifícanse as materias para tratar nos cursos, non quedan definidos certos aspectos prácticos como por exemplo se se trata dunha única acción formativa ou non, se se expedirá algún tipo de certificado que acredite a formación do persoal que asistise ao curso, con que periodicidade a Administración impartirá estas accións formativas ou mesmo a modalidade de imparticición … etc , aspectos que requiren dun desenvolvemento regulamentario que

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es

debería mencionarse no texto do artigo mediante a mención de que a concreción desta formación desenvolverase regulamentariamente ou texto de tenor similar.

Sobre o art. 20.3 c). Restricións á publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas.

Sinálase neste artigo que c) Nos folletos, editados ou distribuídos en Galicia, non dirixidos a menores pero que inclúan produtos destinados a persoas menores de idade que conteñan no seu interior promocións ou ofertas de bebidas alcohólicas para a súa venda en establecementos comerciais e de alimentación localizados en Galicia, estas deberán situarse en páxinas separadas das destinadas a produtos para persoas menores de idade e incorporarán un código QR que remita a unha páxina web da consellería competente en materia de saúde pública con mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de alcohol, ou, no seu defecto, un texto coas mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de alcohol.

Esta redacción produce inseguridade xurídica na súa aplicación ao ser complexo dar cumprimento a este artigo no relativo á separación das bebidas alcohólicas dos produtos dirixidos a menores de idade no interior dos folletos publicitarios . Aínda que existen produtos que si que están claramente identificados como destinados ao público menor de idade , noutros supostos a ambigüidade da redacción produce inseguridade, pois tal é o caso de produtos de aperitivo ou snacks (patacas fritas , olivas , froitos secos , chocolatinas …) , refrescos , produtos precociñados (pizzas) … etc .

Ao non concretarse ou identificarse exactamente cales son os produtos que non poden situarse na mesma páxina que as bebidas alcohólicas, estaríase ao criterio subxectivo do persoal que leva a cabo a inspección nesta materia .

Sobre o art. 25. Limitacións á venda, suministración e transporte de bebidas.

De acordo co número 5 queda prohibida a venda e subministración de bebidas alcohólicas no horario nocturno definido no artigo 4.h). A esta limitación estarán sometidas tamén a venda ambulante e a venda domiciliaria. No caso da venda a distancia, a entrega non poderá efectuarse durante este horario protexido, agás os pedidos de restauración.

Consideramos que este artigo non é equitativo no relativo ás limitacións para a venda a distancia para a distribución minorista. Propoñemos eliminar o feito de que na venda a distancia a distribución non poida efectuar a entrega das bebidas alcohólicas durante o horario protexido (sempre que o acto de compra efectuárase antes deste horario).

Sobre o capítulo II do título II. Limitacións aplicables ao tabaco, productos do tabaco e DSLN.

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es

A norma estatal que regula a venda de produtos do tabaco e a prevención do tabaquismo (Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco) foi ditada polo Estado ao amparo, entre outras, das súas competencias en materia de "regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais" (artigo 149.1.1.ª da Constitución española), e "bases e coordinación xeral da sanidade" (artigo 149.1.16.ª da Constitución española).

Con arranxo ao apartado 2 da disposición final primeira da Lei 28/2005, "corresponde ás comunidades autónomas, no seu respectivo ámbito territorial, aprobar as normas de desenvolvemento e execución desta Lei, incluídas as características e advertencias sanitarias correspondentes".

A Lei 28/2005 ten carácter básico, na medida en que se dita ao amparo da competencia estatal en materia de "bases (…) da sanidade" (artigo 149.1. 16.ª da Constitución española).

Pero ademais de revestir o carácter de lexislación básica tamén fixa as "condicións básicas" de certos dereitos e deberes, ao ser ditada ao amparo da competencia estatal regulada no artigo 149.1. 1.ª da Constitución española.

A teor deste carácter básico e regulador das condicións básicas da normativa sinalada, sen entrar no seu aspecto substantivo, aprécianse algunhas mencións da normativa proxectada que contradin dita regulación e que, en consecuencia, levan a solicitar a valoración da súa supresión do texto do Anteproxecto, en concreto os artigos 31.2 e 32.1 (concordante 55 f) en relación coa Lei 28/2005 do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

Sobre o Capítulo IV do Título II. Limitacións aplicables ás bebidas enerxéticas

Sobre o art. 38. 3 c) Publicidade, promoción e patrocinio de bebidas enerxéticas.

Establécese que c) Nos folletos, editados ou distribuidos en Galicia, non dirixidos a menores pero que inclúan produtos destinados a persoas menores de idade que conteñan no seu interior promocións ou ofertas de bebidas enerxéticas para a súa venda en establecementos comerciais e de alimentación localizados en Galicia, estas deberán situarse en páxinas separadas das destinadas a produtos para persoas menores de idade e incorporarán un código QR que remita a unha páxina web da consellería competente en materia de saúde pública con mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de bebidas enerxéticas, ou, no seu defecto, un texto coas mensaxes informativas e preventivas sobre o consumo de bebidas enerxéticas.

Do mesmo xeito que no caso das bebidas alcohólicas , é bastante complexo dar cumprimento a este artigo no relativo á separación das bebidas enerxéticas dos produtos dirixidos a menores de idade no interior dos folletos publicitarios . Xa que existen produtos que si que están claramente identificados como destinados ao público menor de idade, noutros supostos , a ambigüidade é evidente tal como se reflexou na consideración ao artigo 20.3 c).

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es

Ao igual que se sinalou, ao non concretarse e identificarse exactamente cales son os produtos que non poden situarse na mesma páxina que as bebidas enerxéticas , estaráise ao criterio do persoal que leva a cabo a inspección nesta materia.

Sobre o art. 40 e concordantes. Limitacións ao consumo, venda, suministro e transporte das bebidas enerxéticas.

O Borrador establece nas súas definicións que se considera bebida enerxética toda "aquela bebida sen alcol, en xeral con gas, composta por cafeína nunha proporción mínima de 32 mg/100 ml e outros ingredientes autorizados" e esa é a definición á que se aplican as medidas restritivas.

A base competencial que expón o Borrador é dobre: a asistencia social e o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior. Por tanto, ten unha dimensión sanitaria clara.

As Comunidades Autónomas poden asumir competencias en materia de sanidade (artigo 148.1.21ª CE) co límite da competencia básica do Estado (artigo 149.1.16ª CE). Segundo o Tribunal Constitucional, ao lexislador estatal é ao que corresponde definir o básico. Con todo, o Estatuto de Galicia non asumiu esas competencias en materia de sanidade, senón soamente o "desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior".

Na materia obxecto de análise, a seguridade alimentaria, o Estado adoptou lexislación básica en dous ámbitos:

Primeiro, no ámbito sanitario, que se considera dentro das competencias básicas en materia de sanidade (de competencia estatal), recóllese o artigo 40 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade ("LGS"). O artigo 18 LGS establece que as Administracións públicas "a través dos seus Servizos de Saúde e dos órganos competentes" deben realizar o "control sanitario e a prevención dos riscos para a saúde derivados dos produtos alimentarios, incluíndo a mellora das súas calidades nutritivas". Ademais, e xa no ámbito da sanidade alimentaria, o Estado definiu requisitos técnicos dos produtos alimentarios como parte da súa competencia en materia de bases e coordinación xeral da sanidade (artigo 40 LGS). Así, mediante Real Decreto 650/2011, do 9 de maio, o Estado aprobou a regulamentación técnico-sanitaria en materia de bebidas refrescantes (o "Regulamento RTS").

Segundo, o Estado entendeu que o contido básico en materia de seguridade alimentaria é o recollido na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición ("LSAN"). A exposición de motivos da LSAN establece expresamente que "o conxunto das comunidades autónomas teñen asumido, sen excepción, as competencias de desenvolvemento normativo e execución das materias relacionadas coa seguridade alimentaria".

Existindo a anterior normativa que determina o que o Estado considera como básico en materia de seguridade alimentaria, cremos que o borrador ten contido que pode atentar contra tales bases.

En relación coa LGS e o Regulamento RTS, este apróbase ao amparo do disposto no artigo 149.1.16.ª CE e ten por obxecto "definir, a efectos legais, o que se entende por bebidas

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es

refrescantes e fixar, con carácter obrigatorio, a ordenación xurídica de tales produtos, obrigando a todos os operadores implicados xa estean situados no territorio nacional ou en países terceiros". No Regulamento RTS indícase expresamente que as bebidas refrescantes poden conter cafeína como ingrediente. E establécese que se poderá utilizar ese e outros ingredientes "se conlevan a elaboración de produtos seguros e non supoñan riscos para a saúde dos consumidores, tal e como se teña establecido en estudos científicos xeralmente aceptados".

Pois ben, o Borrador prescinde do anterior e establece que se consideran bebidas enerxéticas aquelas que superan os 32 mg de cafeína, suxeitándoas a medidas prohibitivas, sen contar co respaldo para esa prohibición en "estudos científicos xeralmente aceptados". Así pois, o contido básico do Regulamento RTS estatal vulnérase xa que este Regulamento RTS permite que as bebidas refrescantes inclúan cafeína, que poderá ser utilizado como ingrediente salvo que iso supoña un risco para a saúde "tal e como se teña establecido en estudos científicos xeralmente aceptados".

Tamén é importante ter en conta que as referencias que contén o Borrador a recomendacións de entidades sanitarias sobre as bebidas enerxéticas, en realidade recaen sobre a inxesta da cafeína que conteñen ditas bebidas. De feito na definición, a característica que define a esas bebidas é o seu alto contido de cafeína. Con todo, en ningún momento exponse medidas similares para o resto de produtos con alto contido de cafeína que se comercializan en Galicia, que é moi amplo.

Dado que as RTS son normas básicas estatais que perseguen unha protección uniforme no ámbito da seguridade alimentaria, unido a que a norma galega sería unha especie de "lista negativa" de produtos, o borrador contraría a distribución competencial.

Chegamos á mesma conclusión se se atende á LSAN. O artigo 5 LSAN establece que "a lexislación alimentaria basearase na análise do risco"; unha análise cuxas características veñen establecidas na propia LSAN, que se remite ao establecido no Regulamento (CE) n° 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria. Polo tanto, se o Borrador non atende a ese límite, convertido en norma básica conforme á LSAN, atenta contra o contido básico da lexislación estatal e, con iso, non tería en conta a distribución de competencias.

Por outra parte, ao establecer medidas que restrinxen a comercialización dun produto alimentario nunha Comunidade Autónoma concreta, o Borrador xera unha asimetría regulatoria co resto de territorios, que obriga ás empresas para adaptar a súa operativa comercial e loxística a cada territorio, o que pode provocar barreiras de entrada ou de circulación para produtos e incrementa os custos administrativos e de cumprimento normativo. Todo iso conleva un impacto na unidade de mercado e simultaneamente restrinxe as posibilidades competitivas das empresas que operan en Galicia respecto á industria do resto do país.

Cómpre sinalar tamén que é obrigatorio notificar o proxecto a Europa polo procedemento TRIS antes da súa aprobación.

Como garantía do bo funcionamento do mercado interior, a lexislación da Unión Europa contempla obrigacións de transparencia e notificación que os Estados membros deben cumprir sobre as regulamentacións técnicas de produtos e servizos que pretendan impoñer. Estas obrigacións contéñense na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello do 9 de setembro de 2015 pola que se establece un procedemento de información en materia de

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es

regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, coñecida como Directiva TRIS.

O contido do Borrador cumpre os requisitos de regulamentación técnica sobre as bebidas enerxéticas que debe ser notificada, segundo os artigos 5 e 6 da Directiva TRIS. Esta conclusión apóiase nas definicións do artigo 1 da Directiva:

O artigo 1.f) da Directiva TRIS define un "regulamento técnico" como "as disposicións legais, regulamentarias, e administrativas dos Estados membros que prohiben a comercialización ou utilización dun produto". Neste sentido, é evidente que as prohibicións contidas no Borrador caen dentro deste concepto.

Segundo o artigo 5 da Directiva TRIS, os Estados membros teñen a obrigación de comunicar inmediatamente á Comisión todo proxecto de regulamento técnico, debendo facer referencia ás razóns polas cales consideran necesario adoptalo.

Hai que destacar que a obrigación de notificar aplícase a toda medida técnica nacional de carácter obrigatorio, xa sexa de iure ou de facto. E ademais esta obrigación tamén é aplicable con independencia da organización interna dos Estados membros. É dicir, deben notificarse as disposicións técnicas emitidas por calquera autoridade con competencias normativas, independentemente do nivel de gobernanza dentro dun Estado membro. Isto débese a que calquera autoridade pública —nacional, rexional ou local— facultada para adoptar normas técnicas vinculantes pode xerar obstáculos ao comercio, e corresponde en última instancia a cada Estado membro, conforme ao artigo 4(3) do Tratado da Unión Europea, "facilitar a realización das tarefas da Unión e absterse de toda medida que puidese poñer en perigo a consecución dos obxectivos da Unión".

Esta obrigación permite á Comisión e ao resto de Estado membros presentar observacións sobre a ilegalidade da medida e os posibles obstáculos que poida xerar ao bo funcionamento do mercado interior.

Unha vez cúmprese coa obrigación de notificación, o artigo 6 da Directiva 2015/1535 impón unha segunda obrigación: a "standstill obligation", é dicir, a obrigación de suspender por un prazo de tres meses a adopción do proxecto de regulamento técnico.

Como conclusión, existe a obriga de notificar o borrador e suspender a aprobación ata que transcorran os prazos establecidos no artigo 6 da Directiva. De non facelo, suporía unha infracción do Dereito da Unión Europea.

Ademáis, as medidas do Borrador e especialmente a prohibición de venda e consumo para menores de 18 anos infrinxen o principio de proporcionalidade, polos seguintes motivos:

- Non se acreditou a necesidade da súa adopción, xa que non hai evidencia de que se estea materializando na sociedade ningún dos riscos teóricos asociados a un elevado consumo de cafeína en menores derivado supostamente do consumo de bebidas enerxéticas en particular

Os datos que se achegan no Borrador sobre o consumo de bebidas enerxéticas por parte dos alumnos de secundaria (14-18 anos) en 2023, mostran que un 45% consumiu algunha bebida enerxética no último mes, pero non se achegan datos de que cantidade de bebidas enerxéticas consumiron nin con que frecuencia.

- As medidas que se introducen non son idóneas nin adecuadas para alcanzar o fin que se pretende conseguir (a prevención deses riscos), xa que os menores de idade seguirán expostos

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es

a outros produtos con alto contido de cafeína que lles achegan cafeína en maior proporción. Hoxe comercialízase en Galicia un amplo abanico de produtos envasados con alto contido de cafeína que non se toman en consideración, ao regular exclusivamente sobre as bebidas enerxéticas.

- Non son restricións necesarias, xa que impoñen o tipo de medida máis lesiva que teñen á súa disposición os reguladores (a total prohibición), existindo outras medidas menos lesivas e igual de eficaces, tal e como mostra o panorama regulatorio noutros países de Europa.

- Resultan manifestamente desproporcionadas, porque non se gradúan as medidas dependendo da gravidade dos riscos teóricos identificados.

O Borrador vai máis aló do obxectivo declarado, impactando en actividades dirixidas a público adulto, xerando inseguridade xurídica e impactando tamén no dereito de propiedade intelectual:

- Contén restricións xerais á publicidade de bebidas enerxéticas sen considerar o público destinatario, os obxectivos nin a localización da mesma. Resulta desproporcionado e arbitrario, pode chegar a implicar unha prohibición xeneralizada da publicidade, especialmente en zonas densamente poboadas.

- O Borrador contén conceptos imprecisos como “publicidade indirecta” ou “campañas” que pode xerar inseguridade xurídica, podendo interpretarse que se prohibe calquera comunicación corporativa.

- As restricións ao uso de marcas ou signos que fagan referencia a nomes ou marcas de bebida enerxética poden limitar o uso de diversos activos de propiedade intelectual das empresas que comercializan bebidas enerxéticas, en contradición co dereito de propiedade intelectual recoñecido no Artigo 17 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e o Artigo 20 da Constitución Española.

Estas medidas resultan especialmente desproporcionadas cando se cumpre un Código voluntario por parte das empresas comercializadoras de bebidas enerxéticas que implica que non se fai publicidade dirixida a público infantil.

En atención aos argumentos expostos, solicítase a eliminación das medidas sinaladas e, con carácter subsidiario para o caso de non facelo, para polo menos reducir a desproporción que representan, proponse rebaixar a idade de prohibición desde os 18 aos 16 anos, polos seguintes motivos:

- Diferénciase ás bebidas enerxéticas respecto de alcol e tabaco.

Pola súa propia natureza, as bebidas enerxéticas non son substancias adictivas e non se poden equiparar ao alcol, tabaco e drogas. A norma non só as equipara por incluílas na mesma lei, senón tamén porque as restricións que lles impón son as mesmas.

Esta proposta permite diferenciar o tratamento que se dá ás bebidas enerxéticas (16 anos) das limitacións ao alcol e ao tabaco (18 anos).

- Gáñase fundamento científico.

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es

A Axencia Europea de Seguridade Alimentaria - EFSA confirma que un adolescente de 16 anos procesa a cafeína ao mesmo ritmo que un adulto e o seu peso corporal é moi similar (o peso corporal é o factor para ter en conta ante o consumo da cafeína, non a idade do consumidor, segundo a EFSA).

Lembramos que segundo a propia EFSA, a cafeína que contén unha lata de 250 ml de bebida enerxética equivale a un café expreso, e se a lata é de 500ml, a dous cafés expresos

- Mantense o mesmo mensaxe de concienciación á poboación adolescente

Cunha prohibición a menores de 16 anos xa se está lanzando unha mensaxe moi clara aos adolescentes en canto a que as bebidas enerxéticas non son produtos destinados a esa poboación.

- Evítase a incoherencia de que unha persoa de 16 anos poida traballar e entrar nunha discoteca galega, e en cambio prohíbaselle non só o consumo, senón a mera posesión dunha bebida enerxética, salvo que a tenencia ou posesión sexa por motivo laboral.

En conclusión, para reducir a desproporción das medidas do Borrador, con carácter subsidiario para o caso de non aceptar a súa supresión, solicitamos que o Ditame recolla a petición de incluír unha Disposición Adicional no Anteproxecto de Lei coa seguinte redación ou similar:

"Disposición Adicional

As disposicións incluídas no Capítulo IV aplicaranse sobre as persoas menores de 16 anos".

E con respecto ao apartado 6 que establece que "Nos establecementos comerciais onde se vendan bebidas enerxéticas pero non estea permitido consumilas, habilitaranse espazos claramente diferenciados para a localización destas bebidas. Asi mesmo, deberán de estar separadas dos refrescos", queremos transmitir con esta alegación a dificultade que implica para a distribución a recolocación das bebidas enerxéticas en espazos claramente diferenciados e ao mesmo tempo separados dos refrescos . Isto supón un cambio na implantación dos distintos establecementos comerciais , que debido á heteroxeneidade dos mesmos en canto a dimensións , tamaños… etc , non sempre será fácil de cumprir .

Entendemos que co feito de acoutar ás bebidas enerxéticas dentro da súa localización actual , así como implementar a cartelería adecuada onde se informe das diferentes prohibicións sinaladas neste artigo, sería suficiente para dar cumprimento ás obrigacións do mesmo .

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es

Sobre o art. 48 Comisión en materia de prevención das adicións de persoas menores de idade en Galicia

Entendendo a importancia da prevención das adiccións en Galicia e a necesidade de que sexa abordado desde todos os ámbitos, solicitamos a incorporación das organizacións empresariais (a través da organización empresarial máis representativa en Galicia) á Comisión en materia de prevención das adiccións en Galicia, debido ao importante ámbito funcional da mesma, con implicación directa en relación coa empresa e a súa contorna.

Sobre a disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

A lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Solicitamos que se considere ampliar a 1 ano a entrada en vigor da lei desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia co fin de que tanto desde a Administración realícense de forma previa campañas informativas e de concienciación dirixidas a persoas menores de idade e a poboación en xeral; así como para que desde o sector da distribución e dos fabricantes e comercializadores de bebidas póidanse afrontar de maneira eficiente as posibles obrigacións que desta nova norma deriven.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2025

Rúa do Vilar, 54 15705 Santiago de Compostela Tel. 981 55 58 88 Fax 981 55 58 82 e-mail: info@ceg.es